



CPTO XUNTA DE GALICIA DE TRIATLON DE MENORES E SÚPER SPRINT ÁCUATLON POPULAR PH3NIX KIDS - FERROL 2023 REGULAMENTO

Organiza:

Club Triatlón Ferrol
Email: triatlonferrol@gmail.com
Persoa de contacto: Juan Luis Pedrosa
Teléfono: 606 696 249
Federación Galega de Triatlón

Patrocina:

FEGATRI
Fundación Pho3nix

Colaboran:

Concello de Ferrol
Autoridad Portuaria de Ferrol - San Cibrao
Policía Local
Protección Civil
Secretaría Xeral para o Deporte

Datas e horarios das carreiras:

Sábado 15 de xullo de 2023

15.00 h. Ácuatlón Pho3nix kids (Proba non competitiva)
15.30 h. Proba benxamín Feminina
15:45 h. Proba benxamín Masculina
16:10 h. Proba alevín Feminina
16:40 h. Proba Alevín Masculina
17:20 h. Proba infantil Feminina
18:05 h. Proba infantil Masculina
18:40 h. Proba cadete Masculina
18:45 h. Proba cadete Feminina
19:30 h. Proba xuvenil e junior masculina
19:35 h. Proba xuvenil e junior feminina
Saídas inclusivas en campionato galego segundo inscrición

Entrega de premios : 20:15 horas aproximadamente

Distancias:

Ácuatlón: 100m de natación – 500m a pé (1 volta)
Categoría benxamín : 100 m de natación – 2 Km en bicicleta (1 volta) – 500 m a pé (1 volta)
Categoría alevín: 200 m de natación – 4 km en bicicleta (2 voltas) – 1Km de carreira a pé (1 volta)
Categoría infantil: 300m de natación – 5,2 km en bicicleta (2 voltas) – 2Km de carreira a pé (2 Voltas)
Supersprint: 300m de natación – 8 km en bicicleta (3 voltas)– 2,5Km de carreira a pé (2Voltas)

Inscripcións: Gratuíta
Prazo: ata o martes 11 de xullo.

A inscrición realizarase on-line, a través da web da Federación Galega de Tríatlon www.fegatri.org, no apartado Competicións /Inscripcións.

CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE MENORES E SUPERSPRINT:

Proba reservada a deportistas con licenza galega de tempada en vigor

Clubs.- Accederán a través do apartado competicións, picando na pestana [Competicións/inscricións](#) e accedendo á carreira de referencia. Una vez que se accede á carreira picarase na ligazón INSCRICIÓN, e introducirase o código do club (o código a utilizar é o mesmo que o do programa de licenzas)

Deportistas individuais.- Deberán introducir o seu número de licenza e a data de nacemento

ÁCUATLON PROMOCIÓN PHOENIX KIDS:

Deportistas con licenza de tríatlon en vigor ou que tramiten licenza temporal por 1 día . Nad@s entre 2010 e 2017 con 6 anos cumpridos.

Deportistas/clubs con licenza federativa en vigor

Clubs.- Accederán a través do apartado competicións, picando na pestana [Competicións/inscricións](#) e accedendo á carreira de referencia. Unha vez que se accede á carreira picarase na ligazón INSCRICIÓN, e introducirase o código do club (o código a utilizar é o mesmo que o do programa de licenzas)

Deportistas.- Deberán introducir o seu número de licenza e a data de nacemento.

Licenzas temporais de 1 día:

Unha vez no apartado COMPETICIÓN picarase [Competicións/inscricións](#) para acceder á carreira. Dentro da Carreira picarase na ligazón INSCRICIÓN e introduciranse os datos no apartado correspondente.

O Pagamento realizarase a través de TPV con tarxeta bancaria. (Custe licenza de 1 día de menores 6 €) **(Para validar a inscrición é imprescindible o envío da copia do DNI en vigor da menor e o formulario de autorización de protección de datos que deberá subir a través da plataforma co DNI de quen autorice a mesma <https://fegatri.org/wp-content/uploads/2021/12/ficha-non-federados-1.docx>)**

Baixas e política de Devolución

As baixas deberán ser comunicadas á Federación Galega de Tríatlon a través do correo electrónico fegatri@hotmail.com, antes do mércores ás 14:00 h. para que non sexan penalizadas de acordo aos regulamentos FEGATRI. No caso de inscricións incompletas (falta de documentación) rematado o prazo de inscrición. Estas serán anuladas e non se farán devolucións. As baixas non comunicadas en tempo e forma serán penalizadas de acordo aos regulamentos FEGATRI vixentes.

Publicación de Listas de persoas inscritas

Publicación lista provisional: o xoves anterior á proba publicarase a lista provisional de inscritos (esta admite reclamacións cando na listaxe se da algún erro debido ao manexo dos datos na Federación, por exemplo, baixas solicitadas en tempo que non aparecen dadas no listado, ...). É moi importante revisar este listado para ter opción a reclamar se hai algún erro no mesmo.

Publicación lista definitiva: o venres anterior á proba publicarase a lista definitiva (esta é firme e xa non admite cambios).

Saída, transición e meta:

Peirao de curuxeiras, Porto de Ferrol.

Recollida de dorsais:

Na carpa de organización ó carón da transición dende as 14:00 ata 30' antes de cada saída.

Cronometraxe:

Haberá cronometraxe electrónico, cada deportista recibirá un chip que deberá entregar ao remate da proba.

Premios:

- Medallas para os tres primeiros clasificados/as de cada categoría.
 - Trofeos para os tres primeiros clubs (de acordo aos regulamentos de menores e supersprint).
- Todos os que rematen a proba recibirán un agasallo conmemorativo da proba.

"Art.8.6 Regulamento de Competición FEGATRI.- Aquel deportista ou club que non estea presente na chamada ao podio será sancionado con 25 e 50 euros respectivamente e non poderá participar nas seguintes probas ata o seu abono" Exención COVID-19 calquera deportista que non poida quedar á entrega deberá avisar a delegado técnico ou xuíz árbitro

Normas de competición

A proba rexerese polas normativas vixentes do Regulamento Oficial de Competición das Federacións Galega e Española de Tríatlon

Outra Información:

Procedemento de saídas:

Dez minutos antes do comezo da saída, os/as deportistas iranse ordenando por dorsal na cámara de chamadas seguindo as instrucións dos oficiais e persoal de organización.

Control de Material.- Obrigatorio identificarse con DNI ou documento oficial con foto (descarga dixital de carnet galego a disposición no perfil de cada deportista)

Deberá accederse con todos os dorsais colocados, caso posto e abrochado e bicicleta regulamentaria

Chegada a meta: Unha vez que os/as deportistas pasen a liña de meta, dirixiranse, sen pararse, á zona próxima de pos meta, pasarán a avituallarse e saír da zona de pos meta para ir recoller a súa bicicleta e equipamento.

Avituallamento: Avituallamento líquido e sólido na zona de pos meta.

O dereito da propia imaxe está recoñecido no artigo 18 da Constitución e regulado pola Lei 1/1982 do 5 de Maio, sobre o dereito ao honor, a intimidade persoal e familiar ademais da propia imaxe, e na Lei 3/2018 do 5 de Decembro sobre Protección de Datos de Carácter Persoal e Garantía dos Dereitos Dixitais.

Coa formalización da inscrición, aceptase a publicación de imaxes dos/as participantes tomadas durante a competición para a difusión da actividade deportiva nas redes sociais da organización Triatlón Ferrol, Fegatri e envío aos medios de comunicación. Comprometéndose a retirada de calquera fotografía ou vídeo de acceso público na maior brevidade posible, se algunha persoa fotografada o solicitara por escrito e acompañado da fotocopia do DNI ou documento equivalente acreditativo a triatlonferrol@gmail.com.